

**O**s **C**astros :  
**P**atrimónio cultural





A cultura castrexa é un fenómeno autóctono de Galicia que durou máis de oito séculos e que supuxo o establecemento de pequenos núcleos de poboación dispersos por todo o territorio, o cal sen dúbida é unha das características máis notorias da nosa terra. Segundo os distintos autores, o número de castros de Galicia oscilaría entre 2000 e 5000.

Ademais de en Galicia podemos atopar castros no extremo occidental de Asturias, o Bierzo, o NO de Zamora e N de Portugal, o que supón que as poboacións de todas estas zonas manteñan estreitas relacións socioculturais e probablemente tamén raciais.



A poboación indíxena galega xa habitaba en castros na Idade do Bronce. Durante a Idade de Ferro aumenta o proceso de construción de castros ata alcanzar o seu apoxeo entre os séculos IV e I a. C., para posteriormente ir decaendo a partir do século II d. C.



Ao redor do século VI a. C. prodúcese a chegada a Galicia de novos coñecementos e técnicas procedentes do comercio marítimo Atlántico e Mediterráneo.

En canto aos obxectos achados nos castros, a maior parte son de bronce ( fíbulas, agullas e puñais de antenas), pero tamén se recuperaron ferramentas de ferro (machadas, serras, fouces ó martelos) e armas e outros obxectos probablemente provenientes do comercio cos navegantes fenicios e posteriormente cos romanos.



Vasillas



Fíbula



Cabeza das machadas

# AS XOIAS CASTREXAS: SÍMBOLO DE STATUS

Sen dúbida os obxectos máis característicos da época castrexa son os torques de ouro con aliaxe de prata e cobre dos séculos IV e III a. C. A partir do século III a. C. as xoias atopadas nos castros costeiros mostran unha clara influencia tartésica.

En todas as culturas antigas, as xoias sempre marcaron diferenzas de clase e de poder. Na cultura castrexa eran símbolo de autoridade e de prestixio social, ademais de ter o seu valor ornamental. Eran obxectos reservados a unha elite. Extraían o ouro cun sistema artesanal, sobre todo co bateo nos ríos.



**D**entro deste símbolo de status e de prestixio na cultura castrexa, destacan:

❖ **Os torques**, uns colares ríxidos que se curvan sen pecharse, utilizados polos homes.

❖ **As arracadas** que eran pendentes femininos.

❖ **Diademas.**

❖ **Prendedores de pelo.**

❖ **Brazaletes.**

❖ **Colgantes.**

❖ **Alfinetes.**

❖ **Amuletos.**



Arracada



Torque

# A PEDRA NA CULTURA CASTREXA

Polo que se refire á escultura, destacan os **guerreiros galaicos** que apareceron nos castros do S de Galicia e N de Portugal. Trátase de representacións bastante rudimentarias de guerreiros armados con pequenos escudos circulares e puñais de puño redondo, vestidos con túnicas cinguidas con cinto, con torques no pescozo e brazaletes nos brazos.



Esculturas de guerreiros galaicos



Outro tipo de esculturas son as que se utilizan **de decoración das cabanas** e nas que predominan os motivos solares típicos da cultura indoeuropea, como son os trísceles, tetrasqueles e esvásticas, destacando entre as representacións de esvásticas e tetrasqueles as do castro portugués de Briteiros, os de Santa Tegra e A Troña.

No castro da Troña é de destacar o **petróglifo que representa a figura dunha serpe** en posición heráldica, gravada sobre unha rocha con forma de altar para sacrificios.



Petroglifo do  
Castro de Troña